



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DOCE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 14)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **doce de xuño de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sra. Deputada D^a Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día cinco de xuño de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE COMUNICACIÓN (TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, DATOS E ACCESO A INTERNET) DA REDE INTERADMINISTRATIVA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do servizo de comunicacións (telefonía fixa, móbil, datos e acceso a Internet) da rede interadministrativa Provincial da Deputación Provincial de Lugo, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV:IV66QOH2HJVMSXPPWE4NABZ6CI.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV66QOH3MFRSL66CXTUBANJ64E.



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67WYHOODXS767JCIUH54SEEQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV67WMHI3E6LL7XMDU7E4VABAQ.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV67WMHYPFBMTKU6RRVABYPSEU.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, polo órgano de contratación, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos de comunicacións (telefonía fixa, móbil, datos e acceso a internet) da rede interadministrativa provincial da Deputación de Lugo, cunha duración dous anos, prorrogables por outros dous (2+2).

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e que permitan a contribuir a un servizo de calidade.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo

(Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 1.125.300,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 195.300,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 930.000 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.

O gasto finánciase de acordo as seguintes anualidades:

ACTUACIÓN	APLICACIÓN	IMPORTE 2020	RC	IMPORTE 2021	RC	IMPORTE 2022	RC
Ser. Comunicación e mantemento rede telefonía	9200.22200	268.468,74	22020/11150	536.937,50	220209/243	268.468,76	220209/243
Ser. Infraestrutura e seguridade (hardware)	9200.626	51.425,00	22020/11148	0		0	
		319.893,74		536.937,50		268.468,76	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2020, pola cantidade de 319.893,74 €, para a anualidade 2020.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2021 e 2022 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.



No caso do gasto corrente: Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

No caso do gasto de inversión: o gasto de cada exercicio futuro non excederá da cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial correspondente do ano en que a operación se compromete, as seguintes porcentaxes:

No exercicio inmediato seguinte: 70%.

No 2º exercicio: 60%.

No 3º e 4º exercicio: 50%.

Cúmprense os requisitos 2º, 3º e 4º e esta previsto que o gasto se inicie no presente exercicio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento do parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento do parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra, que dispón o seguinte:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 19/11/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Acondicionamento do parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra.

En data 03/12/2019 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos no que entre outros se recollía na cláusula primeira, relativa ao obxecto:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ACONDICIONAMENTO DO PARQUE DE COBAS EN MONFORTE, INCLUÍDO HONORARIOS FACULTATIVOS DE DIRECCIÓN DE OBRA	229.782,61€	4.840,00€
TOTAL	234.622,61€	

Así mesmo, entre outros, se recolle na cláusula terceira, relativa as obrigas e compromisos das partes, no relativo á Deputación:

"autorizar a aplicación dos remanentes producidos na execución doutro investimento que deberá ser coa mesma finalidade e deberá achegarse memoria das actuacións pretendidas, ou reducir o financiamento comprometido pola Deputación Provincial".

Don José Tomé Roca, Alcalde do Concello de Monforte de Lemos achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 01/06/2020, a través do que manifesta “... existe unha economía na adxudicación, que ascende á cantidade de 62.541,40 € ... solicitar autorícese ao Concello de Monforte de Lemos á aplicación dos remanentes ...”.



Este escrito foi complementado polo Concello, indicando o investimento a realizar, identificado como Ampliación da área de xogos infantil do parque da compañía, cun orzamento de 168.907,77 €, e sendo financiado o importe restante da execución con fondos propios do Concello.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas



deberán” Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración Pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de mellorar o parque de Cobas.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e



cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolto económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos Concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos, (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugalloos”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Monforte de Lemos, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo

responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, e na actualidade, asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O Concello de Monforte de Lemos será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos



do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

E dado que na data actual está pendente o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo, e non existe vontade das partes en declarar a súa extinción, faise necesario a súa modificación. O convenio non esta en ningunha das situacións de extinción do mesmo, de acordo co clausulado do mesmo, non se afecta a dereitos de terceiros e a súa modificación redunda no interese xeral buscado polas partes con este convenio.

Ademais, o Concello dentro do prazo de vixencia solicitou a aplicación de remanentes, por importe de 62.541,40 €, para a execución de Ampliación da área de xogos infantil do parque da compañía, cun orzamento de 168.907,77 €, e sendo financiado o importe restante da execución con fondos propios do Concello.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación, autorizando a aplicación dos remanentes producidos na licitación do investimento acondicionamento do parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra, que ascenden a 62.541,40 €, segundo indica o Concello, incluído no convenio interadministrativo asinado entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o



Concello de Monforte de Lemos en data 03/12/2019, de xeito que quede incluído en dito convenio o investimento ampliación da área de xogos infantil do Parque da Compañía, cun orzamento de 168.907,77 €, e sendo financiado o importe restante da execución con fondos propios do Concello, e que se recolle en addenda ao convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Modificación segunda do convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e Mondoñedo para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora de viais. Ano 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Mondoñedo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora de viais. Ano 2019, que dispón o seguinte:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 27/12/2019, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora de viais. Ano 2019. Dito convenio foi modificado por Resolución da Presidencia de data 20/05/2020, afectando ao obxecto e sendo asinada dita addenda de modificación o 04/06/2020.

En data 14/01/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ao obxecto:

“[.....]

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de xuño de 2020.

[.....]”.

Don Manuel Ángel Otero Legide, Alcalde do Concello de Mondoñedo achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 21/05/2020, a través do que manifesta “...Debido a ao estado de alarma declarado polo decreto 463/2020 por mor da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, e ao ter suspendidos os prazos e termos ... solicita ampliación do prazo de execución das obras ata o 31/10/2020 e o prazo para xustificar as mesmas ata o 15/11/2020”

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades Públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)



Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades Públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións Públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as Administracións Públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as

Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre Administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as Administracións Públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:



“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de mellorar as infraestruturas viarias indicadas.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto

polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Mondoñedo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos, d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”



En canto á mellora de camiños e accesos a núcleos de poboación, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Mondoñedo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a

dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local.

O Concello de Mondoñedo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do



Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2020, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de forma que os prazos para executar as actuacións incluídas no convenio queden fixadas no 31 de outubro de 2020 e a data límite para presentar a xustificación das mesmas se estableza no 15 de novembro de 2020.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación da data de execución dos investimentos do convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora de viais. Ano 2019, fixando como data límite para executar as actuacións do 31 de outubro de 2020, e para presentar a xustificación das mesmas o 15 de novembro de 2020, e que se recolle en addenda ao convenio.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DA RENUNCIA Á AXUDA CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN DE LUGO AO CONCELLO DE GUITIRIZ, CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018, PARA O PROGRAMA CELEBRACIÓN DE FEIRAS, MERCADOS E OUTROS, POR IMPORTE DE 3000 EUROS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 10 de xuño de 2020, no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido pola Alcaldesa – Presidenta do Concello de Guitiriz, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo en data 24 de outubro de 2019, no que consta a renuncia á axuda concedida ao Concello de Guitiriz para o programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €, dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018.

En relación ao asunto de referencia, procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2018 acordou, entre outros asuntos, a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 e dos modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2018, adoptou por unanimidade, entre outros, o acordo seguinte:

“Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos.

Logo de ver a proposta da Presidencia en relación co Plan Único de Cooperación cos Concellos, así como o ditame favorable emitido por unanimidade da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente. Logo de ver así mesmo os informes do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

Aprobar o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)
(...)		
9.- Feiras Mercados e Outros	185.705,59 €	139.246,01 €
(...)		

(...)”.

Respecto ao Concello de Guitiriz, na proposta de Presidencia elevada á aprobación do Pleno, establécese, no relativo ao “Programa de Feiras, mercados e outros” literalmente o seguinte:

IMPORTES PLAN ÚNICO 2018				
CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA A ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL OU OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTE ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
(...)				
GUITIRIZ	3.000,00	0,00	3.000,00	FEIRA DA CANTERÍA E DOS CALLOS DE PARGA
(...)				

Fundamentos de dereito



As axudas integradas no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 réxense polas súas Bases Reguladoras (aprobadas na sesión ordinaria do Pleno de data 27 de febreiro de 2018) e, supletoriamente, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, o RD 835/2003, de 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (BOP n.º 53, de 7 de marzo 2005, modificada en BOP n.º 160, de data 13 de xullo de 2006).

Nas Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, non se recolle expresamente o procedemento aplicable en caso de renuncia.

No artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC, no sucesivo) recollese literalmente que: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Neste mesmo sentido, no artigo 94 desta mesma lei establece o seguinte:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

No artigo 6, concretamente no apartado 2, do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil dispónse que: “2. A exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando non contraríen ao interese ou ao orde público nin prexudiquen a terceiros”.

Por todo o exposto, no caso que nos ocupa, a Alcaldesa – Presidenta do Concello de Guitiriz, como representante do mesmo, pode renunciar á axuda outorgada por esta Deputación Provincial de Lugo, mediante acordo do Pleno de data 29 de maio de 2018, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do programa de Feiras, Mercados e Outros (Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos), dado que a renuncia tivo entrada no Rexistro Xeral da Entidade, consta efectivamente sinatura preceptiva no documento, e coa mesma non se prexudica nin ao interese público nin a terceiros.

En tanto que a representante do Concello de Guitiriz non solicitou anticipo, de acordo coa posibilidade así prevista nas Bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, non procede a iniciación de procedemento de solicitude de reintegro da axuda concedida.

O órgano competente para aceptar a renuncia á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Guitiriz, para a execución do programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €, dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, aínda que nas Bases Reguladoras do Plan non se prevía esta casuística, por analoxía a outras cuestións como prórrogas, modificacións ou interpretación das bases (Disposición Adicional Quinta das Bases), enténdese que é a Xunta de Goberno.

Por tales motivos, procede informar favorablemente o seguinte:

Aceptar a renuncia, presentada pola Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, á axuda



outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Guitiriz ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €.

Declarar concluso o procedemento da axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Guitiriz, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €.

Notificar o acordo de aceptación da renuncia á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Guitiriz, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 € á Alcaldesa- Presidenta do Concello de Guitiriz”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia, presentada pola Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Guitiriz ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €.

2º.- Declarar concluso o procedemento da axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Guitiriz, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €.

3º.- Notificar o acordo de aceptación da renuncia á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Guitiriz, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 € á Alcaldesa- Presidenta do Concello de Guitiriz.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DA RENUNCIA Á AXUDA CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN DE LUGO AO CONCELLO DE BALEIRA, CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018, PARA O PROGRAMA CELEBRACIÓN DE FEIRAS, MERCADOS E OUTROS, POR IMPORTE DE 3000 EUROS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 10 de xuño de 2020, no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido polo Alcalde– Presidente do Concello de Baleira, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo en data 2 de abril de 2019, no que consta a renuncia á axuda concedida ao Concello de Baleira para o programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €, dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018.

En relación ao asunto de referencia, procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria do 27 de febreiro de 2018 acordou, entre outros asuntos, a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 e dos modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2018, adoptou por unanimidade, entre outros, o acordo seguinte:



“Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos.

Logo de ver a proposta da Presidencia en relación co Plan Único de Cooperación cos Concellos, así como o ditame favorable emitido por unanimidade da Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente. Logo de ver así mesmo os informes do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

Aprobar o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)
(...)		
9.- Feiras Mercados e Outros	185.705,59 €	139.246,01 €
(...)		

(...)”.

Respecto ao Concello de Baleira, na proposta de Presidencia elevada á aprobación do Pleno, establécese, no relativo ao “Programa de Feiras, mercados e outros” literalmente o seguinte:

IMPORTES PLAN ÚNICO 2018				
CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA A ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL OU OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTE ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
(...)				
Baleira	3.000,00	0,00	3.000,00	FEIRA DE PRODUTOS DA ZONA E ARTESANÍA
(...)				

Fundamentos de dereito

As axudas integradas no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 réxense polas súas Bases Reguladoras (aprobadas na sesión ordinaria do Pleno de data 27 de febreiro de 2018) e, supletoriamente, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, o RD 835/2003, de 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (BOP n.º 53, de 7 de marzo 2005, modificada en BOP n.º 160, de data 13 de xullo de 2006).

Nas Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, non se recolle expresamente o procedemento aplicable en caso de renuncia.

No artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC, no sucesivo) recollese literalmente que: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Neste mesmo sentido, no artigo 94 desta mesma lei establece o seguinte:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.



5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

No artigo 6, concretamente no apartado 2, do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil dispónse que: “2. A exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando no contraríen ao interese ou ao orde público nin prexudiquen a terceiros”.

Por todo o exposto, no caso que nos ocupa, o Alcalde– Presidente do Concello de Baleira, como representante do mesmo, pode renunciar á axuda outorgada por esta Deputación Provincial de Lugo, mediante acordo do Pleno de data 29 de maio de 2018, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do programa de Feiras, Mercados e Outros (Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos), dado que a renuncia tivo entrada no Rexistro Xeral da Entidade, consta efectivamente sinatura preceptiva no documento, e coa mesma non se prexudica nin ao interese publico nin a terceiros.

En tanto que o representante do Concello de Baleira non solicitou anticipo, de acordo coa posibilidade así prevista nas Bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, non procede a iniciación de procedemento de solicitude de reintegro da axuda concedida.

O órgano competente para aceptar a renuncia á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, para a execución do programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €, dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, aínda que nas Bases Reguladoras do Plan non se prevía esta casuística, por analoxía a outras cuestións como prórrogas, modificacións ou interpretación das bases (Disposición Adicional Quinta das Bases), enténdese que é a Xunta de Goberno.

Por tales motivos, procede informar favorablemente o seguinte:

Aceptar a renuncia, presentada polo Alcalde- Presidente do Concello de Baleira, á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan

Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €.

Declarar concluso o procedemento da axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €.

Notificar o acordo de aceptación da renuncia á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 € ao Alcalde-Presidente do Concello de Baleira.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia, presentada polo Alcalde-Presidente do Concello de Baleira, á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €.

2º.- Declarar concluso o procedemento da axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 €.

3º.- Notificar o acordo de aceptación da renuncia á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018, co obxecto de colaborar na execución do programa de Feiras, Mercados e Outros, por importe de 3.000,00 € ao Alcalde-Presidente do Concello de Baleira.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DA RENUNCIA Á AXUDA CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN DE LUGO AO CONCELLO DE BALEIRA, CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017, PARA O PROGRAMA CELEBRACIÓN DE FEIRAS, MERCADOS E OUTROS, POR IMPORTE DE 2000 EUROS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, de data 10 de xuño de 2020, no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido polo Alcalde – Presidente do Concello de Baleira, que tivo entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo en data 10 de xuño de 2020, no que consta a renuncia á axuda concedida ao Concello de Baleira, para o programa de celebración de Feiras, Mercados e Outros, dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, por importe de 2.000,00 €.

En relación ao asunto de referencia, procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 28 de marzo de 2017 acordou, entre outros asuntos, a aprobación das Bases reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017 e dos modelos de solicitude e trámites que figuran anexos ás mesmas.

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, na sesión extraordinaria celebrada o 16 de xuño de 2017, adoptou por unanimidade, entre outros, o acordo seguinte:

“Proposta de aprobación, se procede, do Plan Único de Cooperación cos Concellos.

“(…)

Aprobar o Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, do que resultan os seguintes importes globais por programas.

Programa	Achega Deputación (A)	Achega Concellos ou outras fontes de financiamento (B)
(…)		
5.-Eventos Turísticos, Feiras Mercados e Outros	329.607,92 €	275.364,79 €
(…)		

(…)”

Respecto ao Concello de Baleira, na proposta de Presidencia elevada á aprobación do Pleno, establécese, no relativo ao “Programa de Eventos Turísticos Feiras, mercados e outros” establécese o seguinte:

IMPORTES PLAN ÚNICO 2017				
CONCELLO	CANTIDADE DESTINADA A ACHEGA DA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN MUNICIPAL OU OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTE ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
(…)				
Baleira	2.000,00	0,00	2.000,00	FEIRA DE PRODUTOS DA ZONA E ARTESANÍA
(…)				

Fundamentos de dereito

As axudas integradas no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017 réxense polas súas Bases Reguladoras (aprobadas na sesión ordinaria do Pleno de data 27 de febreiro de 2018) e, supletoriamente, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Lei 39/2015, de 1



de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, o RD 835/2003, de 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (BOP n.º 53, de 7 de marzo 2005, modificada en BOP n.º 160, de data 13 de xullo de 2006).

Nas Bases Reguladoras do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, non se recolle expresamente o procedemento aplicable en caso de renuncia.

No artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC, no sucesivo) recollese literalmente que: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Neste mesmo sentido, no artigo 94 desta mesma lei establece o seguinte:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.

Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

No artigo 6, concretamente no apartado 2, do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil dispónse que: “2. A exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando no contraríen ao interese ou ao orde público nin prexudiquen a terceiros”.

Por todo o exposto, no caso que nos ocupa, o Alcalde – Presidente do Concello de Baleira, como representante do mesmo, pode renunciar á axuda outorgada por esta Deputación Provincial de Lugo, mediante acordo do Pleno de data 16 de xuño de 2017, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución do programa de Eventos Turísticos, Feiras, Mercados e Outros (Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017), dado que a renuncia tivo entrada no Rexistro Xeral da Entidade, consta efectivamente sinatura preceptiva no documento, e coa mesma non se prexudica nin ao interese público nin a terceiros.

En tanto que o representante do Concello de Baleira non solicitou anticipo, de acordo coa posibilidade así prevista nas Bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017, non procede a iniciación de procedemento de solicitude de reintegro da axuda concedida.

O órgano competente para aceptar a renuncia á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, para a execución do programa de celebración de Eventos Turísticos, Feiras, Mercados e Outros, por importe de 2.000,00 €, dentro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, aínda que nas Bases Reguladoras do Plan non se prevía esta casuística, por analogía a outras cuestións como prórrogas, modificacións ou interpretación das bases, enténdese que é a Xunta de Goberno.

Por tales motivos, procede informar favorablemente o seguinte:



Aceptar a renuncia, presentada polo Alcalde-Presidente do Concello de Baleira, á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, co obxecto de colaborar na execución do programa de Eventos Turísticos, Feiras, Mercados e Outros, por importe de 2.000,00 €.

Declarar concluso o procedemento da axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, co obxecto de colaborar na execución do programa de Eventos Turísticos, Feiras, Mercados e Outros, por importe de 2.000,00 €.

Notificar o acordo de aceptación da renuncia á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, co obxecto de colaborar na execución do programa de Eventos Turísticos, Feiras, Mercados e Outros, por importe de 2.000,00 € ao Alcalde- Presidente do Concello de Baleira.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia, presentada polo Alcalde-Presidente do Concello de Baleira, á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, co obxecto de colaborar na execución do programa de Eventos Turísticos, Feiras, Mercados e Outros, por importe de 2.000,00 €.

2º.- Declarar concluso o procedemento da axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, co obxecto de colaborar na execución do programa de Eventos Turísticos, Feiras, Mercados e Outros, por importe de 2.000,00 €.

3º.- Notificar o acordo de aceptación da renuncia á axuda outorgada pola Deputación Provincial de Lugo ao Concello de Baleira, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017, co obxecto de colaborar na execución do programa de Eventos Turísticos, Feiras, Mercados e Outros, por importe de 2.000,00 € ao Alcalde- Presidente do Concello de Baleira.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á Thyssenkrupp Elevadores, S.L.U.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 09/06/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasladouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Thyssenkrupp Elevadores, S.L.U.	2180010347	28/01/2020	28/01/2020	2020/388	Mantemento dos elevadores nos seguintes centros de atención ás persoas maiores: Centro de Trabada (nos meses de novembro e decembro do 2019). Centro de Pol (no mes de decembro do 2019). Centro de A Fonsagrada (no mes de decembro do 2019). E mantemento do montacamillas no Centro de A Fonsagrada (no mes de decembro de 2019).	339,48 €
TOTAL						339,48 €

Visto que consta:



A propia factura con rexistro de entrada de facturas e con dilixencia da Sección de Benestar Social e Igualdade, de data 04/02/2020, de que os servizos están prestados, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura polo Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social.

Declaración responsable asinada en data 23/12/2019, polo representante de Thyssenkrupp Elevadores, S.L.U., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida pola Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade.

Informe deste Servizo, de data 15/04/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 13/04/2020, en relación coa existencia de crédito dispoñible no exercicio de procedencia, polo importe total da factura, no saldo de vinculación da aplicación orzamentaria 19/2315.212.

Resolución da Presidencia, de data 25/05/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 19/05/2020, reflíctense os seguintes antecedentes: “(...)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Thyssenkrupp Elevadores, S.L.U. que seguidamente se relaciona:

FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
2180010347	28/01/2020	339,48	Mantemento dos elevadores nos centros de atención ás persoas maiores: Trabada (novembro e decembro 2019), Pol (decembro 2019), A Fonsagrada (decembro 2019) e mantemento do montacamillas no centro de A Fonsagrada (decembro 2019).	2315.212	Proxecto: 2018/3/CAMTR/1 ADO: 92020/6423 Proxecto: 2018/3/CAMPO/1 ADO: 92020/6425 Proxecto: 2018/3/CAMFO/1 ADO: 92020/6427
SUMA		339,48			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe da Xefa de Benestar Social, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 339,48 euros.



Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non esté de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu

caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia é indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 28 de abril do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDORES	Nº FACTURA	CONCEPTO	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	ADO
ThyssenKrupp Elevadores, S.L.U.	2180010347	Mantemento dos elevadores nos centros de atención ás persoas maiores: Trabada (novembro e decembro 2019), Pol (decembro 2019), A Fonsagrada (decembro 2019) e mantemento do montacamillas no centro de A Fonsagrada (decembro 2019).	28/01/2020	339,48 €	2315,212	Proxecto: 2018/3/CAMTR/1 ADO: 92020/6423 Proxecto: 2018/3/CAMPO/1 ADO: 92020/6425 Proxecto: 2018/3/CAMFO/1 ADO: 92020/6427
TOTAL: 339,48 €						

Procede informar:

Que tendo en conta o informe emitido polo servizo de intervención do 28 de abril de 2020.



Que os servizos prestados foron estritamente necesarios para dar cumprimento a:

Tendo en conta a obriga de ter subscrito un contrato de mantemento coa empresa conservadora que leve a cabo, entre outras cousas, un mantemento periódico mensual segundo a ITC-AEM 1 do R.D. 88/2013, a sección de Benestar e Igualdade da conformidade ás facturas correspondentes ao mantemento realizado nos meses de novembro e de decembro do 2019 nos Centros de atención a maiores de Trabada, Pol e A Fonsagrada.

Notar que xa finalizou o prazo do contrato menor subscrito con Thyssenkrupp cuxo obxecto é o inicio do funcionamento, por comezo da actividade e mantemento durante o período de seis meses dos aparellos elevadores (un montacamillas) instalados nos Centros de Atención ás persoas Maiores dos Concellos de Trabada, Pol e A Fonsagrada.

Salientar que no Centro de Trabada iniciouse o servizo de mantemento no mes de maio e rematou no mes de outubro e, nos Centros de Pol e A Fonsagrada iniciase no mes de xuño e remata no mes de novembro.

Así mesmo salientar que se adxunta coa memoria xustificativa a oferta económica feita por Thyssenkrupp no seu día onde se detallan os importes correspondentes ao mantemento mensual por cada Centro, podendo comprobar que os prezos e condicións das prestacións facturadas foron correctos e axeitados conforme ao estipulado na oferta económica inicial e polo tanto, conforme ao mercado.

Asemade, informar que xa se iniciou o expediente para a licitación do mantemento destes aparellos nos Centros de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro e que esperase a súa adxudicación nos vindeiros meses.

En todo caso, non se cumpriu o procedemento xurídico – administrativo correspondente debido á carga de traballo da Sección de Benestar Social e Igualdade, a cal impediu poder cumprir cos tempos necesarios para poder levar a cabo este expediente, xa que a posta en marcha dos Centros de Atención a persoas maiores de Trabada, Pol e Ribadeo dende esta sección, sen contar

con máis persoal do habitual, fixo totalmente inviable e materialmente imposible axilizar máis, dita tramitación.

Que os servizos de mantemento foron prestados, segundo se detalla:

Para a factura nº 2180010347 os servizos prestados foron durante os meses de novembro e decembro de 2019.

Que a cantidade a aboar por estes servizos á empresa ascende a un total de 339,48 € (C/IVE).

Que non procede a existencia de garantía pola propia natureza das prestacións facturadas.

Que este gasto foi estritamente necesario, dada a obriga de ter subscrito un contrato de mantemento con empresa conservadora que leve a cabo un mantemento periódico mensual segundo a ITC-AEM 1 do R.D. 88/2013.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación actualmente ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración



rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter repetitivo das prestacións, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as

prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2019, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Thyssenkrupp Elevadores, S.L.U.	2180010347	28/01/2020	Mantemento dos elevadores nos seguintes centros de atención ás persoas maiores: Centro de Trabada (nos meses de novembro e decembro do 2019). Centro de Pol (no mes de decembro do 2019). Centro de A Fonsagrada (no mes de decembro do 2019). E mantemento do montacamillas no Centro de A Fonsagrada (no mes de decembro de 2019).	339,48 €
TOTAL				339,48 €



Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Thyssenkrupp Elevadores, S.L.U.:

Nº 2180010347 de data 28/01/2020, dun importe total de 339,48 €, correspondente ó mantemento dos elevadores nos seguintes centros de atención ás persoas maiores:

Centro de Trabada (nos meses de novembro e decembro do 2019).

Centro de Pol (no mes de decembro do 2019).

Centro de A Fonsagrada (no mes de decembro do 2019).

E mantemento do montacamillas no Centro de A Fonsagrada (no mes de decembro do 2019).

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente á Ignacio Docando Teijeiro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 09/06/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala: “(...)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE ENTRADA		CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
D. Ignacio Docando Teijeiro	19/01672	31/10/2019	06/11/2019	2019RPE024305	Subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2019, de rodas para vehículos, e realización de reparacións.	2.575,29 €
TOTAL						2.575,29 €

Visto que consta:

A propia factura con entrada no Rexistro Xeral e con dilixencia do Parque Móbil, de data 04/12/2019, de as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 31/01/2020, por D. Ignacio Docando Teijeiro, en modelo normalizado, de que dita persoa ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa de data 05/12/2019, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida dende o Parque Móbil.



Informe do Adxunto ao Xefe do Parque Móbil, de data 13/03/2020, no que se di que a unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Informe - Proposta deste Servizo, de data 28/04/2020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 03/05/2020, en relación coa existencia de crédito dispoñible no exercicio de procedencia, no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.214.

Resolución da Presidencia, de data 04/06/2020, en relación co levantamento do reparo e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 30/05/2020, reflíctense os seguintes antecedentes: “(...)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura da empresa Ignacio Docando Teijeiro, do Parque Móbil, que seguidamente se relaciona:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
19/01672 Gtm 2020/FAC_01/000472	31/10/2019	2.575,29	Subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2019, de rodas para vehículos, e realización de reparacións	9201.214	92020/2643
SUMA		2.575,29			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Xefe de Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2019, no que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo o ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 2.575,29 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos



procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 5 de maio do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDITORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
IGNACIO DOCANDO TEJEIRO	19/01672	31/10/19	2.575,29	9201.214
SUMA			2.575,29	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 5 de maio de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi outubro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 2.575,29 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.



A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o

reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución N° 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter repetitivo das prestacións, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo N° 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión



Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible no exercicio de referencia segundo o xa mencionado informe do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2019, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
D. Ignacio Docando Teijeiro	19/01672	31/10/2019	Subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2019, de rodas para vehículos, e realización de reparacións.	2.575,29 €
TOTAL				2.575,29 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por D. Ignacio Docando Teijeiro:

Nº 19/01672 de data 31/10/2019, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de outubro do 2019, de rodas para vehículos, e a realización de reparacións, dun importe total de 2.575,29 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Canpesa.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 09/06/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO		IMPORTE	CONCEPTO
			EXPTE GTM	NÚMERO REXISTRO FACT.		
CANPESA	B821	31/10/2019	2020/FAC_01/000471	2019/4670 OPA 220190039539	10.426,99€	Subministración no mes de outubro do 2019, de áridos. Lote 1. Zona norte
CANPESA	B866	01/12/2017	2020/FAC_01/000488	2017/4758 OPA 220170043817	448,83€	Subministración no mes de outubro do 2017, de áridos. Lote 2. Zona centro
CANPESA	B909	30/11/2019	2020/FAC_01/000588	2020/226	2.017,97€	Subministración no mes de novembro de 2019, de áridos. Lote 1. Zona norte
CANPESA	B910	30/11/2019	2020/FAC_01/000283	2020/227	798,11€	Subministración no mes de novembro de 2019, de áridos. Lote 2. Zona centro
TOTAL					13.691,90€	

Visto que consta:

As facturas relacionadas no punto anterior, con dilixencia do Xefe do Parque Móbil, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e



conformada polo Presidente (P.D. Decreto 24/07/2019. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social. Pablo Rivera Capón).

Declaración responsable asinada en data 12/03/2020 polo representante de “Canteira do Penedo, S.A.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa do Parque Móbil, para cada unha das facturas relacionadas, nas que se xustifica o incumprimento do procedemento xurídico administrativo.

Informe do Servizo de Contratación e Fomento, de data 18/05/2020, no que consta a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación.

Informes do Servizo de Contabilidade e Contas nos que manifesta:

No caso da factura B821, con data 24/04/2020, informa que para esta factura existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.210.

No caso da factura, B866, con data 8/05/2020, informa que para esta factura existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.210, logo de terse agotado o importe total do contrato do exercicio 2017 de subministro de áridos. Así mesmo, informa que existe consignación suficiente e axeitada na aplicación orzamentaria 9201.210. ADO: 92020/2748.

No caso da factura, B909, con data 24/04/2020, informa que para esta factura existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.210.

No caso da factura, B910, con data 9/04/2020, informa que para esta factura existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia no saldo de vinculación correspondente á aplicación orzamentaria 19/9201.210.

Resolución da Presidencia de data 04/06/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 30/05/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de Intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas dos anos 2017 e 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

O obxecto do presente informe refírese as facturas da empresa Canteira do Penedo, S.A., por subministro de áridos para obras realizadas polo Parque Móvil Provincial, que seguidamente se relacionan:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	MES SUBMINISTRO	GTM	APLICACIÓN	ADO
B866	01/12/2017	448,83€	OUTUBRO 2017	2020/FAC_01/000488	9201.210	92020/2748
B821	31/10/2019	10.426,99€	OUTUBRO 2019	2020/FAC_01/000471	9201.210	92020/2550
*B909	30/11/2019	*2.017,97€	NOVEMBRO 2019	2020/FAC_01/000588	9201.210	92020/2993
B910	30/11/2019	798,11€	NOVEMBRO 2019	2020/FAC_01/000283	9201.210	92020/2292
SUMA		13.691,90€				

*Desta factura descóntanse 228,16 € en concepto de gastos de control de calidade, resultando un importe neto de 1.789,81 €



Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Parque Móbil Provincial, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados nos exercicios 2017 e 2019, nos que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe de 13.691,90 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos

procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais os efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou tramites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do Rd 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo as consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas” e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.



De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.

Asinado dixitalmente, a Interventora, Rosa Abelleira Fernández,

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 29 de maio de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

En relación coa facturación seguinte:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO		IMPORTE	CONCEPTO
			EXPTE GTM	NÚMERO REXISTRO FACT.		
CANPESA	B821	31/10/2019	2020/FAC_01/000471	2019/4670 OPA 220190039539	10.426,99€	Subministración no mes de outubro do 2019, de áridos. Lote 1. Zona norte
CANPESA	B866	01/12/2017	2020/FAC_01/000488	2017/4758 OPA 220170043817	448,83€	Subministración no mes de outubro do 2017, de áridos. Lote 2. Zona centro
CANPESA	B909	30/11/2019	2020/FAC_01/000588	2020/226	2.017,97€	Subministración no mes de novembro de 2019, de áridos. Lote 1. Zona norte
CANPESA	B910	30/11/2019	2020/FAC_01/000283	2020/227	798,11€	Subministración no mes de novembro de 2019, de áridos. Lote 2. Zona centro
TOTAL					13.691,90€	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 21 de maio de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións/subministracións son os seguintes:

Debido a que o subministro destes materiais é indispensable para o funcionamento deste Servizo, foi necesario validar a factura.

O período de realización do aludido servizo foi de decembro de 2017, outubro e novembro de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 13.691,90 € euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Asinado dixitalmente, o Adxunto ao Xefe do Parque Móbil. Manuel Pillado Rego.

(...)

Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 18/05/2020, explíctase que analizados os arquivos existentes neste Servizo, constátase que non existían contratos en vigor no momento dos subministros incluídas na factura, de modo que levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización, e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración



rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, idénticas as do último contrato adxudicado antes da realización das mesmas.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións nas condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta Deputación para o ano 2020.

As facturas relacionada neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2017 (no caso da factura Nº B866) e no exercicio orzamentario 2019 (no caso das facturas B821, B909 e B910)), e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministros, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:



Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	MES	GTM	APLICACIÓN	ADO
B866	01/12/2017	448,83 €	OUTUBRO 2017	2020/FAC_01/000488	9201.210	92020/2748
B821	31/10/2019	10.426,99 €	OUTUBRO 2019	2020/FAC_01/000471	9201.210	92020/2550
*B909	30/11/2019	*2.017,97 €	NOVEMBRO 2019	2020/FAC_01/000588	9201.210	92020/2993
B910	30/11/2019	798,11 €	NOVEMBRO 2019	2020/FAC_01/000283	9201.210	92020/2292
SUMA		13.691,90 €				

*Desta factura descóntanse 228,16 € en concepto de gastos de control de calidade, resultando un importe neto de 1.789,81 €.

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

En Lugo, asinado dixitalmente. (...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministros, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Canteira do Penedo, S.A. relacioandas en cadro xunto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	REXISTRO		IMPORTE	CONCEPTO
			EXPTE GTM	NÚMERO REXISTRO FACT.		
CANPESA	B821	31/10/2019	2020/FAC_01/000471	2019/4670 OPA 220190039539	10.426,99€	Subministración no mes de outubro do 2019, de áridos. Lote 1. Zona norte
CANPESA	B866	01/12/2017	2020/FAC_01/000488	2017/4758 OPA 220170043817	448,83€	Subministración no mes de outubro do 2017, de áridos. Lote 2. Zona centro
CANPESA	B909	30/11/2019	2020/FAC_01/000588	2020/226	2.017,97€	Subministración no mes de novembro de 2019, de áridos. Lote 1. Zona norte
CANPESA	B910	30/11/2019	2020/FAC_01/000283	2020/227	798,11€	Subministración no mes de novembro de 2019, de áridos. Lote 2. Zona centro
TOTAL					13.691,90€	

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado polo contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

- Obra: Rehabilitación de firme LU-P-5902 “Canabal (LU-P-5901) – Rosende – Arxemil (LU-P-5906 A)”, PK 3+560 ao 4+475. Concello de Sober.

Contratista: Ovisa Pavimentos y Obras, SLU

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTA DE BENEFICIARIOS DA MEDIDA 8.2.3.1. PARA A FORMACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO E PROMOCIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA, PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:



“Con data 11 de decembro de 2019 apróbase en Xunta de Goberno a Medida 8.2.3.1 Formación para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora. Prende ! Bota Raíces no rural, destinado a frear a despoboación dos concellos do medio rural, a través da formación entre mozas e mozas entre 16 e 30 anos inscritos no sistema nacional de garantía xuvenil en sectores con proxección de emprego.

Con data 16 de decembro de 2019 publicase no BOP de Lugo, as bases do programa xunto co extracto de publicación da Base Nacional de Subvencións. Dende o día seguinte a esta, ábrase o prazo para entregar solicitudes que se prolonga durante 15 días hábiles (sendo o prazo dende o 17 de decembro de 2019 ata 9 de xaneiro de 2020 ambos inclusive), posteriormente se aproba por Xunta de Goberno unha ampliación de prazo por 7 días hábiles.

Considerando que rematado o período de solicitudes procédese a requirir os expedientes incompletos para que emenden a documentación esixida e poder pasar a fase de valoración documental tal e como se establece nas bases do programa no artigo 7.

Detéctase que os candidatos abaixo indicados, presentan solicitude de forma duplicada polo que se anulan os seguintes expedientes:

2020/PRE_01/000004 Alexander Valín Roca

2020/PRE_01/000061 Luís Esculta Rodríguez

2020/PRE_01/000063 Mateo Guerreiro Rodríguez

Tendo en conta que para a selección dos mozos nomease unha Comisión de Valoración formada por 3 empregados públicos actuando como secretaria a Xefa de Sección de Promoción Económica e Social nomeada por resolución de presidencia con data 28 de xaneiro de 2020

Considerando que o proceso de selección dos mozos e mozas participantes dividírase en dúas fases, a primeira consistirá na valoración por parte da Comisión de Valoración da documentación aportada de acordo os criterios establecidos no artigo 7 das bases do programa, a

segunda consistirá nunha entrevista persoal realizada pola Comisión de Valoración con cada un dos mozos e mozas admitidos na primeira fase para valorar os perfís máis idóneos e conseguir o éxito do programa, asentar xente nova no rural .

Tendo en conta que reunida a Comisión de Valoración recolle o resultado da valoración da totalidade dos expedientes na acta que se se incorpora no expediente, conforme os criterios obxectividade igualdade e non discriminación, tendo en conta que no caso de empate o criterio para establecer a orde de prelación foi, posuír unha capacidade diferente, ser muller e no caso de persistir o empate foi a data de inscrición no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil, acreditado a través da documentación que se achega coa solicitude.

Tendo en conta que os beneficiarios reúnen tódolos requisitos necesarios para acceder á subvención, que os expedientes das devanditas subvencións adecúanse ás bases para a concesión das mesmas en réxime de concorrencia competitiva, para a Medida 8.2.3.1 Formación para o Emprendemento e Promoción da Cultura Emprendedora. Prende ! Bota Raíces no Rural (publicadas no BOP de 16 de decembro de 2019 Nº 287) e que nos expedientes pertencentes aos beneficiarios das subvencións, consta declaración responsable dos mesmos, de non atoparse nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS e demais normativa de aplicación así coma certificados positivos de estar o corrente coa Xunta de Galicia, Axencia tributaria estatal, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Por todo elo, proponse a Xunta de Goberno:

Aprobación das listaxes de mozos por orde de prelación por cada una das accións formativas propostas, con indicación da puntuación outorgada por cada unha delas, listaxe de reserva por exceder das prazas establecidas nas bases reguladoras, listaxe de excluídos e motivo de exclusión, listaxe de admitidos e contía máxima para o caso de asistir a totalidade da formación. (Achéganse listaxes).



Aprobar o importe de 12.643,00 €, cantidade total da Medida 8.2.3.1, atendendo o cadro adxunto. A Deputación adquire o compromiso supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira de incluír no orzamento da anualidade 2021 a cantidade de 3.792,90 € na aplicación orzamentaria 2410.481.

Curso	Anualidades			AXUDA
	2019	2020	2021	
Hostalería e Turismo - Axudante de Camareiro	753,20 €	1.883,00 €	1.129,80 €	3.766,00 €
Agricultura e Gandería -Sustentabilidade Ambiental, Benestar Animal e Fitosanitarios	430,40 €	1.076,00 €	645,60 €	2.152,00 €
Medio Ambiente - Repoboacións Forestais e Fitosanitarios	484,20 €	1.210,50 €	726,30 €	2.421,00 €
Enerxía e Auga - Introducción a Enerxía Eólica	699,40 €	1.748,50 €	1.049,10 €	3.497,00 €
Autoemprego	161,40 €	403,50 €	242,10 €	807,00 €
TOTAL	2.528,60 €	6.321,50 €	3.792,90 €	12.643,00 €

Listaxes de beneficiarios e importe de subvención máxima, reservas e excluídos e motivos de exclusión da medida 8.2.3.1 formación para o emprendemento e promoción da cultura emprendedora dentro programa Prende! Bota Raíces no Rural.

Logo de valorar a documentación achegada polos dos candidatos (Fase I) e de realizar as entrevistas (Fase II) de acordo ao establecido no artigo 7 e 8 do programa “Selección dos mozos e mozas beneficiarios” e “Resolución”, os candidatos beneficiarios, reservas e excluídos, quedan como segue :

Curso: Hostalería e Turismo – Axudante de Camareiro

LISTAXE DE BENEFICIARIOS					
DNI	NOME	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	TOTAL	AXUDA MÁXIMA
*****354L	Tamara Vázquez Figueiras	55	25	80	269€
*****612V	David Moure Cadahía	55	22	77	269€
*****672S	Alberto José Melena Riocabo	49	27	76	269€
*****214S	Judith Ferreiro Río	57	18	75	269€
*****617E	Álvaro Ramos Rey	51	23	74	269€
*****611Q	Iván Fontela García	51	22	73	269€
*****501G	Noemí Losada Martínez	55	17	72	269€
*****077V	Daniel Castaño Álvarez	43	27	70	269€
*****091L	Noé Ramos Rodríguez	51	18	69	269€
*****641V	Adrián Rodríguez Santamaria	40	28	68	269€
*****586A	Jennifer Rodríguez Martínez De Lagran	40	22	62	269€
*****106A	Óscar Romero Cortiñas	44	17	61	269€
*****857T	Laritz Guerra Álvarez	38	20	58	269€
*****003B	Iván Rodríguez Rodríguez	22	25	47	269€

Curso: Agricultura e Gandería- Sustentabilidade Ambiental Benestar Animal e

Fitosanitarios

LISTAXE DE BENEFICIARIOS					
DNI	NOME	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	TOTAL	AXUDA MÁXIMA
*****427F	Jessica Novo Díaz	57	28	85	269€
*****953N	José Manuel Besteiro Pérez	55	23	78	269€
*****002G	Carlos Carreira Fernández	51	23	74	269€
*****234A	Sergio Ferreiro Pérez	50	23	73	269€
*****747M	Diego Paderne Roca	45	25	70	269€
*****153M	José Carlos Vázquez García	44	22	66	269€
*****534M	Carlos Blanco Álvarez	46	19	65	269€
*****165K	Juan Roca Carreira	40	21	61	269€
LISTAXE DE RESERVAS					
DNI	NOME	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	TOTAL	
*****247R	Sheila Gómez Noguerol	55	5	60	269€

Curso: Medio Ambiente – Repoboacións Forestais

LISTAXE DE BENEFICIARIOS					
DNI	NOME	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	TOTAL	AXUDA MÁXIMA
*****545V	Óscar Bello Castro	60	29	89	269€
*****220Y	Celia Cabanas Trashorras	60	23	83	269€
*****960D	Laura López Álvarez	55	26	81	269€
*****092M	Marcos Penela Castiñeira	51	27	78	269€
*****332P	Alexandre Valín Roca	41	29	70	269€
*****546D	David Camba Lamas	40	27	67	269€
*****013C	Elisa Rodríguez González	36	29	65	269€
*****680N	Susana Carballo Santín	36	26	62	269€
*****959T	Pablo Ferreiro Viadé	34	26	60	269€

Curso: Enerxía e Auga – Introducción a Enerxía Eólica

LISTAXE DE BENEFICIARIOS					
DNI	NOME	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	TOTAL	AXUDA MÁXIMA
*****403B	Luís Manuel Pérez Guitián	55	29	84	269€
*****702F	Jesus Javier Agrafojo Larralde	55	28	83	269€
*****390Y	Ángel Casabella Sixto	55	27	82	269€
*****012Q	Leticia Pita Franco	60	21	81	269€
*****614P	Diego Cuba Fernández	50	29	79	269€
*****216B	Julio Prado López	51	27	78	269€
*****573J	Diego Moiron Ferreiro	51	23	74	269€
*****804Z	Saskia García Ramil	46	27	73	269€
*****193H	Sergio Pérez López	45	27	72	269€
*****540Q	Brais Fernández López	46	25	71	269€
*****795C	Juan Cortiñas Bodelle	45	25	70	269€
*****246B	Kevin Pedre Ramos	40	29	69	269€
*****900D	Xoel Fernández Vázquez	40	27	67	269€
LISTAXE DE RESERVAS					
DNI	NOME	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	TOTAL	AXUDA MÁXIMA
*****691P	Jesus Salazar Gimenez	46	20	66	269€
*****612D	Antía Balseiro Quelle	41	24	65	269€
*****318E	Nerea Ricon Lorenzo	29	26	55	269€



Curso: Autoemplego

LISTAXE DE BENEFICIARIOS					
DNI	NOME	PUNTUACIÓN FASE I	PUNTUACIÓN FASE II	TOTAL	AXUDA MÁXIMA
*****556A	Yoel Regueira Quintero	60	29	89	134,50€
*****331J	Noemí Yañez Fernández	60	23	83	134,50€
*****838L	Alessandro Sanmartin Guitián	55	27	82	134,50€
*****406V	David Otero Fernández	56	25	81	134,50€
*****482K	Vanessa Freire Rego	60	18	78	134,50€
*****245W	Thais Chao Prieto	46	25	71	134,50€

Listaxe de candidatos excluídos

DNI	NOME	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
*****367L	Raul González Ramon	Non emenda requirimento
*****154L	Boris Otero Fernández	Non emenda requirimento
*****380X	Rosa María Real Llamas	Non emenda requirimento
*****768N	David Díaz Terrados	Non emenda requirimento
*****129T	Diego Fernández Coutado	Non emenda requirimento
*****826J	Ana Álvarez Moreno	Solicitude fora de prazo
*****238N	Óscar Arbesu Navaz	Solicitude fora de prazo
*****066M	Javier Argiz Martinez	Empadroadado fora do ámbito de actuación.
*****019C	Alejandro Lobeiras Ares	Non presentado/a á fase de entrevista
*****505K	Ivan Castro Candal	Non presentado/a á fase de entrevista
*****824L	Sandra Seren Novo	Non presentado/a á fase de entrevista
*****296X	Yesica Pereira Campo	Non presentado/a á fase de entrevista
*****487W	Bruno Lagoa Vázquez	Non presentado/a á fase de entrevista
*****827L	David Jimenez Romero	Non presentado/a á fase de entrevista
*****989W	Manuel Antonio Gutierrez Amigo	Non presentado/a á fase de entrevista
*****371Q	Xoan Fernandez Varas	Non presentado/a á fase de entrevista
*****266C	Mateo Guerreiro Rodríguez	Non presentado/a á fase de entrevista
*****904J	Laura Pardo Novoa	Non presentado/a á fase de entrevista
*****304N	Alberto Cabana Hermida	Non presentado/a á fase de entrevista
*****639E	Óscar Bermudez López	Non presentado/a á fase de entrevista
*****962X	Miguel Angel Mon Pampin	Non presentado/a á fase de entrevista
*****563Q	Pablo Baltar Martinez	Non presentado/a á fase de entrevista
*****150F	Samuel Fraga Gonçalves	Non presentado/a á fase de entrevista
*****898H	María Fernández Rivas	Non presentado/a á fase de entrevista
*****743E	David Otero López	Renuncia en entrevista
*****449W	David Vázquez Ben	Renuncia en entrevista
*****122G	Samuel Eduardo González Vázquez	Renuncia en entrevista
*****926D	Adrián Pereira Lage	Renuncia en entrevista
*****014B	Luís Esculta Rodríguez	Renuncia en entrevista
*****614D	Vanessa Doval Moreiras	Renuncia en entrevista

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO AO COBRAMENTO DE SUBVENCÍONS CONCEDIDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ARTESANÍA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2017.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado da Área de Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación aos beneficiarios de subvencións no procedemento de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da provincia de Lugo en concorrència competitiva, para a realización de actividades de promoción da artesanía, ano 2017, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 15 de decembro de 2017.

Visto o Informe do Centro de Artesanía e Deseño de data 03/06/2020 que di “ ... Visto o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se sinala que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrència dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións e así mesmo que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o mesmo que para o de reintegro de subvención, establecido no artigo 42 da Lei Xeral de Subvencións.

Visto que por Resolución da Presidencia desta Excma. Deputación Provincial de data 14 de decembro de 2018 se acordou o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento das subvencións en concorrència competitiva, ano 2017 ós seguintes beneficiarios:

BENEFICIARIO/A	ACTIVIDADE	IMPORTE
ANPA COLEXIO PÚBLICO RICARDO GASSET DO INCIO	OBRADOIRO PANDEIRO CADRADO	639,00€
A.A.V.V SAN MIGUEL DE PEDRAFITA	CURSO DE COIRO	407,00€

Visto que constan con data 29 de xaneiro de 2019 documentos acreditativos da recepción por parte dos beneficiarios da notificación do inicio do procedemento de declaración da perda do dereito ás entidades referidas na anterior táboa, así como da apertura do trámite da audiencia.



Visto que o trámite de audiencia ten como obxectivo que os interesados poidan formular alegacións e que o que se se pretende é asegurar tamén que se lles concede a posibilidade de examinar e coñecer a totalidade do expediente e que no seu caso os beneficiarios poderán manifestar a súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións, en cuxo caso se considerará realizado o trámite.

Visto que no prazo de 10 días establecido na base 12 . Prazos de Xustificación das bases da presente convocatoria en alusión ó prazo de trámite de audiencia recollido no artigo 82.2 da Lei 39/2015, 1 de outubro (non inferior a 10 días nin superior a 15), as entidades citadas (ANPA Colexio Público Ricardo Gasset do Incio e A.A.V.V. San Miguel de Pedrafita) non presentaron ningunha alegación nin achegaron documentos e/ou xustificantes para emendar as deficiencias observadas nas respectivas contas xustificativas.

Visto que o Servizo de Contratación e Fomento (Sección de Fomento) devólvelle ó Centrad en data 05 de febreiro de 2020 os expedientes de procedemento de perda de dereito correspondentes á ANPA Colexio Público Ricardo Gasset do Incio e a A.A.V.V San Miguel de Pedrafita para que dende a unidade xestora se continúe coa tramitación do procedemento de declaración de perda de dereito.

Polo anteriormente exposto, informo que procede a declaración do procedemento de perda de dereito ó cobramento das subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial de 15 de decembro de 2017 ás seguintes entidades”:

BENEFICIARIO/A	ACTIVIDADE	IMPORTE
ANPA COLEXIO PÚBLICO RICARDO GASSET DO INCIO	OBRADOIRO PANDEIRO CADRADO	639,00€
A.A.V.V SAN MIGUEL DE PEDRAFITA	CURSO DE COIRO	407,00€

Polo anteriormente exposto, o Deputado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Acordar a declaración de perda de dereito ao cobramento de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para a realización de

actividades de promoción da artesanía en concorrencia competitiva, ano 2017, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial de Lugo, de data 15 de decembro de 2017, aos beneficiarios AAVV San Miguel de Pedrafita dunha subvención por importe de catrocentos sete euros (407,00 €) para a realización dun Curso de Coiro e a ANPA Colexio Público Ricardo Gasset do Incio dunha subvención por importe de seiscentos trinta e nove euros (639,00 €) para a realización dun Obradoiro de construción dun pandeiro cadrado.

2º.- Notificar á AAVV San Miguel de Pedrafita a declaración de perda de dereito ao cobramento de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía en concorrencia competitiva, ano 2017, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial de Lugo , de data 15 de decembro de 2017, unha subvención concedida por importe de catrocentos sete euros (407,00 €) para a realización dun Curso de Coiro.

3º.- Notificar á ANPA Colexio Público Ricardo Gasset do Incio a declaración de perda de dereito ao cobramento de subvencións destinadas a entidades asociativas e asociacións sen ánimo de lucro da provincia de Lugo para a realización de actividades de promoción da artesanía en concorrencia competitiva, ano 2017, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial de Lugo, de data 15 de decembro de 2017, unha subvención concedida por importe de seiscentos trinta e nove euros (639,00 €) para a realización dun Obradoiro de construción dun pandeiro cadrado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO ENCARGO ESTABLECIDO ENTRE A DEPUTACIÓN E A EMPRESA TRAGSA PARA O MANTEMENTO DE ZONAS VERDES DE TITULARIDADE PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor.



“Como se recolle no informe elaborado polo Xefe do Servizo de Medio Ambiente, relativo á necesidade de inicio de trámites proceder a prorrogar o encargo establecido entre a Deputación de Lugo e a empresa TRAGSA para o mantemento de zonas verdes de titularidade provincial, cómpre indicar que:

Como é coñecido dende o pasado 1 de xaneiro de 2020, se veñen desenvolvendo os traballos de mantemento de zonas verdes de titularidade Provincial, recollidos no encargo aprobado en Xunta de Goberno de 27 de decembro de 2019.

En relación a efectuar unha posible prorroga do devandito encargo, como se recolle na cláusula sexta do acordo da Xunta de Goberno realizado o 27 de decembro de 2019, cuxo teor literal recolle:

“Sexta.- Duración.

O presente Encargo ten unha duración de 6 meses, con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2020, ata a finalización do prazo de execución do servizo definido. O encargo poderá ter unha prórroga por un prazo de seis meses, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas.”

Segundo o que se recolle anteriormente, procedería a realización da devandita prorroga por seis meses, xa que considérase comprobado que as características deste encargo permanecen inalterables durante a duración do encargo que finaliza o mes de xuño de 2020.

Esta inalterabilidade xustifícase, por unha banda porque as necesidades en relación co mantemento das zonas verdes de titularidade Provincial, continúan sendo as mesmas xa que, non se engaden novos puntos de actuación.

E por outra banda, que a posición da Deputación nos convenios de mantemento das zonas verdes que forman parte do encargo a TRAGSA, que derivaron no establecemento do encargo vixente, segue sendo a mesma, maniféstase unha necesidade de continuar con estes traballos.

Asemade, non se verán modificados os prezos que se recollen e que fundamentan o encargo realizado con data 27 de decembro de 2019, non sendo necesaria unha revisión de prezos, e polo tanto, garántese a inalterabilidade do encargo permitindo a súa prorroga ou extensión.

En consecuencia, á vista de todo o sinalado, considerándose probado a necesidade de continuar cos traballos recollidos no encargo aprobado na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, de data 27 de decembro de 2019 a favor da Empresa TRAGSA, para a realización dos traballos de mantemento de propiedades de titularidade Provincial:

Proponse:

Á vista dos informes existentes no expediente, que se proceda a facer efectiva a prórroga establecida no apartado ou cláusula sexta do devandito encargo, por outros seis meses para garantir que se pode continuar coa labor realizada ata o de agora e se manter o servizo recollido nos termos do encargo. A duración do encargo será dende 1 de xullo de 2020 finalizando o 31 de decembro de 2020.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA EN RELACIÓN COAS PRAZAS A OFERTAR, CALENDARIO E REQUISITOS DA MATRÍCULA DO CURSO 2020/2021 DOS CICLOS DE GRADO SUPERIOR DE PRODUCCIÓN DE AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS E DE REALIZACIÓN DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS E ESPECTÁCULOS DO CENTRO DE FORMACIÓN DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe da Interventora Xeral



“Logo de ver o informe- proposta do expediente asinado pola Xefa de Servizo de Audiovisuais e do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, emítase o seguinte informe:

A proposta é relativa a prazas a ofertar, calendario e requisitos da matrícula para o curso 2020/2021 dos ciclos de grado superior de produción de audiovisuais e espectáculos e de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos. Do estudio do expediente non se aprecia a existencia de actos que recoñezan obrigas de contido económico polo que o expediente non está sometido a fiscalización previa.

En canto aos ingresos que puidesen xurdir no futuro, non procede a fiscalización previa de dereitos que é substituída pola toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante la utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría segundo a regulación da base 36 de execución do orzamento.

Segundo os antecedentes que obran nesta Intervención o Padroado da extinta Fundación para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) aprobou en sesión celebrada o día 19 de novembro de 2012 o importe da matrícula dos ciclos formativos da TIC (publicado no BOP nº 152, de 4 de xullo de 2013) e nos acordos do Pleno da Deputación de Lugo e da Fundación TIC no que se aprobaba a extinción da fundación establecíase a sucesión universal de todas as obrigas, contratos, bens e dereitos da Fundación TIC, polo que enténdese que as tarifas aprobadas son de aplicación, non obstante recoméndase para exercicios futuros a tramitación do expediente para a súa aprobación polos órganos competentes da Deputación de Lugo.

Vista a solicitude de aprobación da xefa do servizo

“A extinta Fundación TIC contaba cunha Escola de Imaxe e Son (CPRTIC) na que se impartían os ciclos formativos de grao superior de produción de audiovisuais e espectáculos e de realización de proxectos audiovisuais e espectáculos, autorizados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a través da Orde do 17 de decembro de 2003, publicada no DOGA do venres, 2 de xaneiro de 2004.

A natureza do centro era estritamente privada, aínda que financiada con fondos públicos da Deputación de Lugo.

Coa subrogación da actividade e do persoal da Fundación TIC por parte da Deputación de Lugo, con efectos de 1 de xaneiro de 2019, púxose en funcionamento un novo servizo de Audiovisuais que consolida un servizo de carácter transversal, dependente do Presidente da Institución Provincial, cuxo obxectivo é servir de ferramenta para a formación, produción e promoción en materia audiovisual.

O procedemento de admisión do alumnado para o curso 2020-2021 é igual ao que se levaba a cabo na extinta Fundación TIC e ao do curso 2019-2020, tamén é igual ao que propón a Xunta de Galicia para os seus ciclos propios coas seguintes excepcións:

A Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria propón un calendario de admisión no que inclúe períodos ordinarios e extraordinarios así como liberación de prazas no caso que quedara algunha vacante ao finalizar ditos períodos, mentres que o procedemento de admisión na extinta Fundación TIC e na Deputación consta dun prazo de prescrición seguido do correspondente período de matrícula ordinario. Se quedaran prazas vacantes iranse asumindo matriculas ata que se complete o grupo segundo estrita orde de solicitude.

En canto aos requisitos para o acceso ao ciclo o organismo autonómico da preferencia aos alumnos que procedan do bacharelato en Ciencias e Tecnoloxía, cando a extinta Fundación TIC e a Deputación abre o acceso en igualdade de condicións para todos os tipos de bacharelato. Tamén se ten en conta que sexa preferente que se trate da primeira matrícula no ciclo formativo para o que se solicita praza, xa que en caso de admitir segundas matriculas e segundo o anuncio publicado no BOP do xoves, 4 de xullo de 2013, por decisión do Padroado, os alumnos deberán aboar unha matrícula de carácter simbólico de 600 €.

Procedemento de admisión do alumnado para o Curso 2020-2021



Prazas ofertadas:

Ciclo Superior de Realización de proxectos de Audiovisuais e Espectáculos: 20.

Ciclo Superior de Producción de Audiovisuais e Espectáculos: 20.

(*O número de prazas ofertadas poderase ver afectado pola evolución do COVID19. *As clases poderán ser organizadas en quendas de mañá e tarde).

Calendario:

Prazo prescrición: do 22 de xuño ao 3 de xullo.

Publicación listaxe de admitidos, espera e excluídos provisionais: 7 de xullo.

Prazo de reclamacións: 8 ao 10 de xullo.

Publicación listaxe de admitidos, espera e excluídos definitivas: 14 de xullo.

Prazo de matrícula ordinaria: 15 ao 30 de xullo.

Requisitos Admisión do Alumnado 2020-2021:

Para iniciar estudos no Centro de Formación do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo (CPR TIC) será necesario estar en posesión da titulación esixida para o acceso á formación profesional de grao superior.

Os solicitantes de novo ingreso ao primeiro curso e ao segundo curso, que reúnan os requisitos, presentarán a solicitude de admisión no prazo ordinario.

As solicitudes atenderanse segundo os seguintes criterios:

Estar en posesión do título de Bacharel en calquera modalidade.

Posuír un título de Técnico Especialista ou Técnico Superior.

Ter superado o curso de Orientación Universitaria (COU).

Dispoñer dunha titulación universitaria.

Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior.

Ter superada a proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos.

Sen prexuízo de cumprir os requisitos anteriores, dentro de cada colectivo a orde de prioridade virá determinada por:

Que se trate da primeira matrícula no ciclo para o que se solicita praza.

Maior nota media no expediente académico.

Sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación.

De persistir o empate, resolverase mediante entrevista.

Do total de postos dispoñibles un 20% ofrecerase a quen teña superada a proba de acceso para ciclos de grao superior para o ciclo que solicita matrícula.

Unha vez finalizado o prazo de prescrición, e no caso de ser maior o número de solicitudes presentadas que o de prazas ofertadas, as solicitudes serán valoradas e farase público o listado de solicitantes admitidos, así como a lista de solicitantes en espera e de solicitantes excluídos que resulte da aplicación dos criterios preferentes fixados para o acceso.

Os solicitantes admitidos deberán formalizar matrícula no prazo establecido, entendéndose que de non facelo renuncian á súa praza, que será adxudicada aos solicitantes en lista de espera.

Unha vez rematado o prazo de matrícula ordinaria, e no caso de existir vacantes, renuncias ou baixas, as prazas resultantes adxudicaranse entre os novos solicitantes por orde de entrada da solicitude.

Para a formalización da matrícula emprégase o impreso oficial da Xunta de Galicia da Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado, publicado no DOGA do 15 de xuño de 2007”.

Polo que vai dito e en base ao mesmo, solicito a Xunta de Goberno:



A aprobación dos prazos, prazas e requisitos para a matrícula nos Ciclos de Grado Superior de Produción de Audiovisuais e espectáculos e de Realización de Proxectos Audiovisuais e Espectáculos do Centro de Formación do Servizo de Audiovisuais.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.